



In memóriam

Vicente Cerdeiriña Vázquez-Ulloa

Vicente Cerdeiriña

O pasado 22 de xullo falecía un dos bos e xenerosos, Vicente Cerdeiriña Vázquez-Ulloa, párroco do Divino Salvador de Poio, colaborador e amigo de *Encrucillada*, un home coherente na fe, na esperanza, na Xustiza de Reino de Deus e no ecumenismo. Grazas a el, *Encrucillada* puido publicar en 1994 a monografía *Revolucionario e místico: diario íntimo da doenza final*, o último escrito do seu amigo Moncho Valcarce Vega que tendes ao voso dispor na nosa web.

Silencioso e próximo, serio no compromiso evanxélico, viviu o Concilio como un auténtico *kairós*. A galeguidade non foi para el unha super-estrutura de adorno, senón que chegou ao fondo da alma das persoas e da comunidade, da lingua e da cultura, da liturxia e da conformación da nosa identidade histórica e comunitaria. Viviu con amor polos humildes e pequenos do Reino. Entra no gozo do Señor e roga por nós.

Cando a súa doenza de ril se agravou, hai case un ano, escribiu unha carta aos seus familiares e amigos, entre os que incluíu o Consello da revista *Encrucillada*. A xeito de homenaxe, reproducímola tal e como a recibimos.

Familiares e amigos:

Fai un ano este mes de agosto, empezo a vivir unha vida «especialmente agasallada». Toda vida de cada persoa é un agasallo de Deus, Creador e Pai. A miña especialmente, porque fállame o ril transplantado fai máis de 20 anos, co que vivín e fixen vida normal, mais agora haino que axudar coa diálise... Se non for por este tratamento, xa estaría vivindo «no Reino dos Ceos».

Agradecemento a Deus e aos científicos que fixeron a máquina para facer a diálise, purificar o sangue, que recibiu a que non filtrou o ril.



Esta especialidade médica renal non avanzou desde hai máis de 20 anos. Denantes do transplante tivera que facer por un tempo diálise, e o procedemento segue a ser igual: pinchar cada día dúas veces no corpo, para a entrada e saída do sangue cara á máquina e viceversa, catro horas de sesión, toda unha mañá, tres días cada semana... Acabada a sesión fica o corpo «estraño» de tanto bater o sangue de entrada e saída á máquina. Hai que recuperar.

Érgome ás 6:30 da mañá. Almorzo e recollo o «bocata» que o P. Superior me deixa preparado para levar e comer ao acabar a sesión de diálise. Ofrecemento do día a Deus. Conexión coa divindade. Baixo á praza do mosteiro, onde arredor das 7:15 h. me recolle a ambulancia para me levar ao centro médico –diaverum– para a sesión.

Agora cando escribo é noite pecha cando baixo, finais de agosto. Miro irse apagando as luces da praza do mosteiro, e nos montes, as dos rúeiros das parroquias, e miro tamén o amencer dun novo día, que dado o bo tempo é algo fermoso: do horizonte, as cores, a luz,... unha fermosura que fala da grandeza do Creador. Aparecen tamén paxariños a voar por riba do fermoso e grandioso mosteiro...

A ambulancia non sempre é puntual. Atrásase. Paseando pola fermosa praza aproveito para rezar o santo rosario en latín.

A chegada ao centro médico é denantes das 8 da mañá. Unha auxiliar míranos a febre, e dános unha «máscara», e pésanos para saber canto levamos de máis. Imos cadaquén para a súa cama ortopédica. A sala é grande, con capacidade para 20 pacientes. Deitámonos. Poñen nun brazo o aparato para tomar a tensión, que xa non sacan ata finalizar a sesión. Moi atentas as enfermeiras, preguntan como pasamos o día anterior, e pinchan dúas veces no outro brazo, para a saída e entrada do sangue na máquina. Así conectado, catro horas.

As enfermeiras e as auxiliares no centro da sala, atentas aos pacientes e ás máquinas. Os pacientes ás veces maréanse e as máquinas saltan avisando con sons e luces algún fallo, que as enfermeiras solucionan. Varias veces ao longo das catro horas pasan a mirar a tensión e a febre, e preguntan como imos.

Acabada a sesión vólvennos pesar e cotexar co peso que traíamos. A min adóitanme sacar entre 2 e 3,5 quilos por sesión.

Arredor das 12:30 h. saímos da sala médica, e agardar á ambulancia que nos leve de retorno aos fogares. As ambulancias que nos retornan son as que traen aos pacientes para a sesión segunda de diálise, que comeza ás 13 h.

A viaxe de volta non adoita ser dereita, senón máis ben un tour por Pontevedra, subida á residencia Montecelo ou Hospital Provincial coller pacientes para ilos deixando nos seus lares. Arredor das 14 h. chego á casa, ao mosteiro de Poio. Hora do xantar. O corpo estraño de tanto meneo do sangue pide cama. De 15 a 17 h. déitome para amansar o sangue. Logo érgome e amodiño vou para a parroquia que me toca. Regreso ás 21:30 h. para a cea. Ás veces máis tarde por mor de ter traballo ou algunha reunión, e fago a cea só. Ao día seguinte xa fago vida normal dende as primeiras horas da mañá.

Catro horas –240 minutos– dan para moito. Pódese cabecear; outros están dálle que dálle ao móbil, outros miran a TV con cascos, e eu só cun libro.

Adoita a sala estar en silencio. Teño tempo para rezar.

Os médicos dixéronme que non debía vivir só, por se algunha noite me daba algunha reacción a diálise. Obediente, fun ao veciño mosteiro de Poio, dos PP. Mercedarios, pedir pousada. Déronma de contado. Agradecemento! Está formada a comunidade por 5 relixiosos cregos e tres irmáns leigos. Toda a miña vida vivira só, na Estrada e en Poio, e agora, aprender a vivir en comunidade.

Este é o acontecer da miña vida na actualidade. A enfermidade non ten melloría nin sanación.

De aquí ao ceo cando Deus queira.

Saudiños.

Vicente Cerdeiriña
Poio, setembro 2023